



Concello de Moaña

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Desde o momento en que a OMS declarou a COVID-19 como pandemia, esta alcaldía estableceu unha serie de medidas (Decreto 2020/301 e Decreto 2020/306 do 13 de marzo) para a restrición de servizos municipais e para preservar a seguridade e saúde do persoal.

Con posterioridade, despois da declaración por parte da Xunta de Galicia do estado de alerta sanitaria e despois da declaración por parte do Goberno Español do estado de alarma (Real Decreto 463/2020) o luns 16 de marzo esta alcaldía estableceu medidas extraordinarias para a restrición da actividade do persoal municipal a través do Decreto 2020/310 que foron parcialmente modificadas no Decreto 2020/373 do 13 de abril.

En concreto estableceuse a obrigatoriedade de realización de traballo non presencial a todo o persoal susceptible de poder facelo, definindo tamén as áreas esenciais nas que debe garantirse a presenza de persoal mediante o establecemento dun sistema de quendas.

Transcorridos 74 días desde a adopción desta medida, considerando:

- Que o Concello se dotou dun Plan de Continxencia fronte á Covid-19 (aprobado polo Comité de Persoal o 11 de maio de 2020) con medidas xa implantadas para garantir a seguridade e saúde do persoal e da veciñanza.
- Que o territorio galego se atopa desde o 25 de maio na fase 2 do plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Que o artigo 9 do Real Decreto 537/2020 establece establece que o próximo 1 de xuño de 2020 se reanudan os prazos administrativos que se atopaban interrompidos durante o estado de alarma.

Cómpre incrementar a presenza de persoal en todas as áreas do Concello de Moaña para garantir un correcto servizo á veciñanza.

Por todo isto, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local en concordancia co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia e o artigo 41.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: ATD2AERL4DJDD39PW2NKR4EL | Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello de Moaña

RESOLVE:

Primeiro: A adopción das seguintes medidas en relación co persoal municipal que está desenvolver o seu traballo na modalidade non presencial:

1. A partir do luns 1 de xuño de 2020 regresará ao seu posto de traballo presencial o 100% do persoal das seguintes áreas:

- Información e rexistro
- Estatística
- Benestar Social
- Centro de Información á Muller
- Mocidade
- Arquivo
- Orientación Laboral.
- Padroado Beiramar.

2. A partir do luns 1 de xuño de 2020 estableceranse quendas para garantir unha atención presencial co número de persoas que se indican en cada unha das seguintes áreas:

- Secretaría: 2 persoas.
- Persoal: 1 persoa.
- Intervención/Tesourería: 2 persoa.
- Fomento do emprego/PIE: 2 persoas.
- Cultura/Normalización Lingüística: 1 persoa.
- Urbanismo: 2 persoas administrativas e 1 técnica 4 días á semana.
- Ludoteca Municipal: 1 persoa.

3. Garantiranse as medidas de protección da seguridade e saúde recollidas no Plan de Continxencia fronte á Covid-19.

4. O persoal poderá solicitar, dirixíndose á área de persoal, unha adaptación do seu horario por motivo de conciliación da vida familiar e laboral.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: ATD2AERL4DJDD39PW2NKR4EL | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello de Moaña

Segundo: Dar traslado do presente decreto a todo o persoal municipal e aos grupos políticos da corporación e dar publicidade do mesmo a través da web municipal.

Moaña, 28 de maio de 2020

A alcaldesa
Leticia Santos Paz

Vto. e P. A Secretaria
Paula Piñeiro Camiña



(Documento asinado dixitalmente na marxe)

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: ATD2AERL4DJDD39PW2NKR4EL | Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3